

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES SAÍNTES

Programa ERASMUS + (KA 103)

CURSO 2021/22

CONVOCATORIA:

BASES DA CONVOCATORIA

A EASD Antonio Failde na presente convocatoria establece o prazo e procedemento para a presentación de solicitudes de participación nas Actividades de Mobilidade de Estudantes de Estudos Superiores de Deseño Gráfico.

Estas axudas de mobilidade para estudos realizanse no marco do Programa Erasmus +, no segundo semestre do Curso 2021-22.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e asociados polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE)

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Serán candidatas a participar nesta convocatoria do Programa Erasmus+ os alumnos da EASD Antonio Failde que cumpran os seguintes requisitos:

- . Non ter esgotado o máximo de doce meses en convocatorias Erasmus anteriores (na EASD Antonio Failde ou noutro centro educativo) en mobilidades de estudos e/ou prácticas.
- . No momento de cursar a solicitude (Curso 2020/2021), estar matriculado no Centro, no 2º curso das Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico.
- . Curso 2021/2022 no que se realizará a mobilidade estar cursando 3º das Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico, ter aprobado 1º e 2º.

PROCEDEMENTO DA SOLICITUDE

Os alumnos interesados presentarán na secretaría da escola, dentro do prazo establecido os seguintes documentos:

- O formulario de solicitude debidamente cumprimentado. (Indicanrúse preferencias de escola e país para realizar a mobilidade pero a adxudicación quedará pendente das prazas ofertadas no programa Erasmus+)
- Documentación necesaria no caso de alegar méritos.
- Memoria USB (*pendrive*) con contido dixital relativo o portfolio con traballos seleccionados polo alumno de máximo 10 páxinas.
- O expediente académico incorporárase de oficio na secretaría da Escola ao presentar a solicitude de participación. Só se valorará o expediente académico correspondente aos estudos realizados, na especialidade pola que se aspira, ata o momento en que se leve a cabo o proceso de selección.

A presentación da solicitude implicará para o estudante coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e da normativa.

Centros de destinos:

As estadias deberán realizarse nunha institución de educación superior coa que exista un convenio para a mobilidade asinado para o curso 2021/2022.

O número de prazas e destinos varía cada ano e é diferente para cada centro de acollida.

IMPORTANTE: algunhas das institución socias realizan procesos de selección propios despois das nominacións por parte da EASD Antonio Failde, e a aceptación por parte das mesmas non está garantida pola selección feita desde aquí. Normalmente está condicionada ao envío dunha solicitude e outra documentación por parte da persoa interesada, polo xeral un portfolio e unha carta de motivación, e a admisión pola institución de acollida prodúcese sobre esa aportación. É responsabilidade das persoas seleccionadas cumprir cos requisitos das institucións de destino.

Instituciones coas que a Escola ten acordos Interinstitucionais:

Cracovia. Polonia
Akademia Sztuk Pięknych im. Jana Matejki w Krakowie (Jan Matejko Academy of Fine Arts in Krakow)
<http://www.asp.krakow.pl>
<http://www.asp.krakow.pl/in dex.php/en/internationalexchange/>
internationalexchange

Lódz. Polonia
Akademia Sztuk Pięknych im.
Władysława Strzemińskiego w
Łodzi
(Strzemiński Academy of Fine Arts Łódź)
<http://int.asp.lodz.pl>
<http://int.asp.lodz.pl/node/139>

Macerata. Italia
Academia di Belle Arti di Macerata
<http://www.abamc.it>

Vilanova de Cerveira. Portugal
Escola Superior Gallaecia.
<https://esg.pt>

Roma. Italia
ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI ROMA
www.accademiabellartiroma.it

Vilna. Lituania
Vilnius College of Design
<http://www.dizainokolegija.lt/en/>

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Na secretaría da EASD Antonio Failde, **do 26 de Abril o 3 de Maio de 2021**

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E DESTINOS

A comisión Erasmus + da EASD Pablo Picasso determinará o número de mobilidades que se concederán.

Os alumnos aspirantes priorizarán na solicitude os destinos ofertados.

Na resolución provisional asignarase a situación de: titular, suplente ou excluído a todos os solicitantes. Esta última con mención explícita do motivo de exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios de Programas Internacionais e na páxina web da Escola.

A aceptación da praza suporá a renuncia a calquera outro destino de mobilidade internacional.

A resolución definitiva das prazas só será posible cando se coñeza a adxudicación de mobilidades do SEPIE, e a aceptación do alumno por parte da institución de destino.

A coordinación de programas internacionais da EASD Antonio Failde publicará a resolución definitiva sobre a adxudicación das axudas na páxina web e no taboleiro de anuncios da Programas Internacionais da Escola.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

A selección do alumnado candidato realizarase nunha reunión da comisión de valoración, formada polos xefes de departamento da ensinanza, a coordinadora de programas internacionais e a vicedirectora da EASD.

1. Terá preferencia o alumnado que non participase no programa Erasmus anteriormente. No marco do Programa Erasmus+ permítese aos estudantes realizar varias estancias Erasmus de estudos e/ou prácticas, sempre que sumadas non superen doce meses.

2. Méritos académicos:

- Expediente académico. Nota media do expediente académico do alumno.

Máximo 4 puntos: (8,1-10) 4 pts, (6,1-8) 3 pts, (4,1-6) 2 pts, (3,1-4) 1 pto, (<3) 0 pto.

- Coñecemento de idiomas.

Máximo 3 puntos: (B1) 1 pto, (B2) 2 pts. (Non se poden presentar niveis distintos no mesmo idioma)

- Portfolio dixital de traballos realizados polo alumno da especialidade de Deseño Gráfico.

Máximo 3 puntos.

Unha vez feita a selección, publicarase no taboleiro de anuncios de programas internacionais, así como na web da EASD.

Establecese un prazo de dous días lectivos, contados a partir do día seguinte á data de publicación, para facer reclamacións ante a Coordinación.

A comisión de valoración resolverá ditas reclamacións no prazo de cinco días lectivos.

RENUNCIAS

En caso de renuncia á beca Erasmus+ concedida, esta deberá ser presentada por escrito á coordinadora de programas internacionais.

Se un estudante renuncia á súa beca, sen unha causa xustificada, pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicación en futuras convocatorias.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA OS SELECCIONADOS:

APOIO LINGÜÍSTICO

A Comisión Europea ten en marcha un servizo de apoio lingüístico en liña (OLS) para contribuír a alcanzar os obxetivos do Programa mediante o progreso lingüístico dos participantes.

Se accede a través del enlace de la OLS https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/online-linguistic-support_es

O uso deste non terá custe para os estudantes.

O apoio lingüístico en liña (OLS), inclúe dúas facetas:

. A avaliación obrigatoria das competencias lingüísticas.

. os cursos opcionais do idioma en cuestión.

Os adxudicatarios recibirán a través da EASD unha licenza para realizar a avaliación en liña das súas competencias lingüísticas e comprometeranse a utilizar estas licenzas ao firmar o convenio de subvención coa institución. Se un estudante non realizara a avaliación, non poderá comezar a mobilidade adxudicada.

Os participantes recibirán tamén unha licenza para seguir voluntariamente un curso en liña.

Os estudantes adxudicatarios deberán cumprir calquera outra indicación ou disposición establecida pola Axencia Nacional (AN) para a presente convocatoria.

AXUDA ECONÓMICA E PAGAMENTOS

A financiación está limitada á adxudicada na resolución da AN, con carácter xeral cinco meses para estudos, e realizarase en dous pagamentos.

. Nos 30 días naturais posteriores a chegada do estudante o centro de destino e unha vez presentada toda a documentación necesaria incluído o “certificado de chegada”, realizarase un primeiro pagamento equivalente ao 80% do importe total.

. Ao envío do cuestionario UE (informe final do estudante) considerarase como a solicitude do estudante do segundo pagamento equivalente ao 20% do total da axuda financeira, este nosn se fará efectivo ata recibir o resto da documentación xustificativa requirida nesta convocatoria.

As contías serán variables en función do Grupo ao que pertenza o país de destino segundo o publicado pola AN na convocatoria correspondente.

O incumprimento dos trámites e prazos establecidos na presente convocatoria poderá derivar na perda da condición de estudante Erasmus+, o que leva a devolución total da axuda, a falta de recoñecemento académico e o regreso á institución de orixe.

Se un estudante non puidese cumprir coas súas obrigas por causa de forza maior (comunicado e aceptado pola Axencia Nacional), unicamente se solicitará o reembolso das actividades non realizadas.

A axuda Erasmus é compatible coa beca que concede o MECD, e outras axudas dos sistemas autonómicos (solicitadas de forma persoal polo estudante)

Se o alumno recibira no presente curso 2020/2021 unha beca xeral do Ministerio recibirán unha cantidade adicional porlo que nese caso deberán indicalo e documentalalo previamente.

SEGUROS

A EASD Antonio Failde esixirá os alumnos que fagan mobilidades un seguro de viaxes que cubra accidentes, responsabilidade civil, asistencia médica e repatriación. O estudante ten que facelo pola súa conta.

É responsabilidade da bolseira ou bolseiro tramitar a tarxeta sanitaria europea ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias no país de destino.

Se o alumnado seleccionado ou os seus proxenitores son beneficiarios da Seguridade Social, deben dirixirse as oficinas do INSS para solicitar a TSE.

Aquelas persoas aseguradas en mutuas ou seguros privados deben dirixirse a elas para obter cobertura médica no estranxeiro.

A EASD Antonio Failde non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polos estudantes durante o período da súa estadia Erasmus+.

TRAMITES E OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS:

Unha vez seleccionado como beneficiario dunha mobilidade de estudos Erasmus+ da EASD Antonio Failde de Ourense, para o curso 2021/2022 e aceptada a praza asignada, débense realizar unha serie de trámites dos que se derivan certas obrigas ás que queda suxeito o becario Erasmus+. Son os seguintes:

1. TRÁMITES PREVIOS Á PARTIDA HACIA A INSTITUCIÓN DE DESTINO.

- . Aboar as taxas de matrícula e o seguro escolar na EASD Antonio Failde, de Ourense.
- . Contactar ca Coordinadora de Programas Internacionais da Escola para recibir información sobre o centro de destino.
- . Elaborar, co asesoramento da xefa ou xefe de departamento e da coordinación de PI, un acordo de estudos online, “online Learning Agreement”
- . Instalar a aplicación gratuíta Erasmus+ App, para recibir notificacións da Oficina de Mobilidade e outras consultas.
- . Na institución de destino en tempo e forma, presentar a Application Form e outros documentos que sexan requeridos.
- . Asinar por duplicado o Convenio de subvención, exisido polo SEPIE, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios.
- . Acreditar a vixencia dos seguros antes da viaxe.
- . Proporcionar unha certificación bancaria dunha conta o seu nome a Coordinación de Programas Internacionais da Escola.
- . Proporcionar un xustificante de ter recibido unha beca do Ministerio, no seu caso.
- . Realizar o examen de nivel de idioma online OLS que lle chegará por correo electrónico.

2. TRÁMITES DURANTE A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA.

- . Na primeira semana dende a incorporación no destino, debe remitir por correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada.
- . Manter o contacto directo periódico coa Coordinación de PI a través do enderezo electrónico.
- . Enviar material gráfico da mobilidade á Coordinadora para poder facer publicidade.
- . Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar os estudos, presentarse os exames e someterse ás normas do centro de destino en canto os requisitos de conduta.

3. TRÁMITES O FINALIZAR A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA.

- . Tras finalizar a estadia, achegarlle á Coordinación de Programas Internacionais o Certificado de Estadia con data, sinatura e selo da institución, así coma as notas obtidas na institución de acollida.
- . Realizar o Informe Final (Enquisa online)
- . Realizar o exame OLS de fin de mobilidade (non é vinculante a nota obtida)

. Enviar material gráfico (fotografías, vídeos, blogs) para a súa promoción por parte da EASD Antonio Failde.

INCUMPRIMENTOS:

. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda recibida.

. No caso de non presentar as cualificacións correspondentes, o estudante terá que devolver o importe da axuda recibida e será motivo de exclusión en posteriores convocatorias.

A PRESENTACIÓN DA SOLUCITUDE PARA UNHA MOBILIDADE ERASMUS+ SUPÓN A ACEPTACIÓN EN TODOS OS SEUS TERMOS DAS BASES ESTABLECIDAS NA PRESENTE CONVOCATORIA.

OURENSE, a 22 de Abril de 2021

Asinado: María Sol Rojo
Coordinadora de Programas Internacionais.